

REAL ACADEMIA GALEGA

O ANTIGO RÉXIME
NUNHA FAMILIA DO BAIXO MIÑO

DISCURSO LIDO
O DÍA 3 DE XULLO DE 1998,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

XOSÉ LUÍS FRANCO GRANDE

E RESPOSTA DA EXCELENTÍSIMA SEÑORA DONA

LUZ POZO GARZA



A CORUÑA
2005

O ANTIGO RÉXIME
NUNHA FAMILIA DO BAIXO MIÑO

O solemne acto académico no que foron lidos os dous discursos recolleitos no presente volume celebrouse o 3 de xullo de 1998 no salón de actos da Real Academia Galega.

REAL ACADEMIA GALEGA

O ANTIGO RÉXIME
NUNHA FAMILIA DO BAIXO MIÑO

DISCURSO LIDO
O DÍA 3 DE XULLO DE 1998,
NO ACTO DA SÚA RECEPCIÓN,
POLO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

XOSÉ LUÍS FRANCO GRANDE

E RESPOSTA DA EXCELENTÍSIMA SEÑORA DONA

LUZ POZO GARZA



A CORUÑA

2005

DISCURSO

DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON

XOSÉ LUÍS FRANCO GRANDE

Señores académicos:

As miñas primeiras palabras deben ser de agradecemento pola acollida que me dispensades ó me recibir nesta casa. Agradecemento o meu fondo e verdadeiro porque sei moi ben que esta é a Academia de Manuel Murguía, de Castelao, de Otero Pedrayo, de Florentino Cuevillas, de Ramón Cabanillas, de Vicente Risco, de Ferro Couselo, de Álvaro Cunqueiro... e de tantas outras figuras sobranceiras da nosa cultura, verdadeira alba de gloria da nosa Terra. Porque esta Academia é o templo da cultura galega. A ela chego co respecto, co recollimento e coa devoción que supoño no crente que se achega ó templo da súa fe. Por iso o meu agradecemento é, como digo, fondo e verdadeiro, como non podía ser doutra maneira. E confío ser merecente da distinción que me facedes, porque tamén sei moi ben que outros podían ocupar, ó mellor con máis méritos ca min, esta cadeira que dende agora ocupo.

Sucedo nela a D. Leandro Carré Alvarellos. Don Leandro, ó longo da súa longa vida, non tivo outro norte cá súa entrega á cultura galega. A narración, o teatro, a lexicografía, a etnografía... Don Leandro Carré demostrou interese por estas disciplinas e cultivounas con empeño, con fe, con absoluta entrega á cultura de Galicia, e penso que aínda con sacrificio persoal. Importa pouco que, xusto por isto, por ter espallado a súa atención por eidos tan diversos, non chegara a afondar en todos, como é lóxico. Mais importan dúas cousas: a súa actitude ética de entrega á cultura da nosa terra, continuando o labor e o exemplo de su pai, D. Leandro Carré Aldao, e seguindo, á par dos seus irmáns Uxío, Lois e Xosé, a tradición cultural familiar.

Pode que sexa este o único caso nesta Academia en que pai e fillo fosen os dous académicos de número.

Penso que somos moitos os que lembramos con agradecemento o seu *Diccionario Gallego Castellano*, do que a primeira edición é de 1928. Os feitos deben ser xulgados conforme ó tempo en que se produciron. Eu non teño a menor dúbida da enorme utilidade do seu diccionario, con toda-las eivas que se lle queiran poñer, e son moitas, nuns anos tan facareños coma os das décadas dos cincuenta e aínda dos sesenta. Coido que ningún escritor galego da miña xeración, e aínda das seguintes, pode dicir que non precisou da compañía, do uso e da axuda do diccionario de Carré Alvarellos.

Aínda que só fose por ese diccionario sería D. Leandro merecente de que lle dispense atención, agradecemento e simpatía. Abonda con ter pasado pola experiencia de ser escritor galego naquelas décadas que agora semellan afastadas, coma un pesadelo nunha noite xa pasada, pero pola que moitos tivemos que pasar. Por iso penso que é tamén de xustiza subliñar este feito, polo que ten de positivo, polo que nel hai de verdade, polo que ten de iluminador dunha experiencia cultural non tan afastada.

Coñecín a D. Leandro Carré Alvarellos alá polo ano 1971, cando el tiña arredor de oitenta anos. E coñecino na sede desta Academia, na que entón tiña na praza de María Pita, nos locais do Concello da Coruña. Foi nun acto de entrega ás fillas de Leiras Pulpeiro dun libro sobre este. Achegouse a min e toda a súa conversa daquel día versou sobre dúas das súas preocupacións de toda a vida: o teatro galego e a lingua. A tan avanzada idade, o alento da fe era manifesto, eu percibía o vigor da súa personalidade e constatee a claridade da súa conducta. O que non podía imaxinar entón e que agora sería o seu sucesor nesta Academia.

O tema do meu discurso é o Antigo Réxime, pero ollado a través das peripecias dunha familia do Baixo Miño. Consciente como son da importancia que o Antigo Réxime tivo para a nosa Terra e, en especial, do mal que Galicia saíu del para encararse coa modernidade (coa idade Contemporánea), un día atopeime coa oportunidade, non xa de analízalo -que iso foi esplendidamente feito por coñecidos autores, como os profesores VILLARES e PEGERTO SAAVEDRA, entre outros-, senón de revivilo. E isto porque me atopei da maneira máis inesperada cun feixe de papeis que uns parentes meus gardaron ó longo de varios séculos, non sei se amorosamente o se por casualidade. Ninguén sabía deles na miña familia. E moitos deles nin siquiera podían ser lidos sen certo coñecemento de paleografía, especialmente os correspondentes ós primeiros anos de 1.600.

Axiña me decatei de que neses vellos papeis se acochaba unha radiografía do Antigo Réxime e de que, por eles, podía chegar a unha visión, ás veces moi clara, outras non tanto, do que esa etapa histórica foi nunha parte concreta de Galicia, no Baixo Miño, pero tamén non substancialmente diferente do que fora noutras partes de Galicia. Por eles desfilan, ó longo de trescentos anos, abades poderosos con ideas moi claras

sobre a función da propiedade e da produción da terra, comisarios do Santo Oficio da Inquisición, algún crápula -e aínda máis de un-, homes vulgares, rentistas, simuladores, xentes ricas e homes famentos.

A nosa historia comeza cos irmáns de Sea. Os irmáns de Sea eran orixinarios de Mougás². E constituíron unha familia poderosa, moi ilustrada, verdadeiramente sorprendente. Uns foron eclesiásticos e outros militares. E entre estes, un chegou a Rexidor da vila da Guarda, segundo resulta dunha escritura de foro do ano 1.630 e a quen vemos tamén como familiar do Santo Oficio na vila da Guarda, ós setenta e dous anos, segundo nos informa CONTRERAS³. Estes irmáns chamábanse Fructuoso de Sea Mariño, Bartolomé Soutiño de Sea, Juan de Sea, Salvador Blanco e Pedro de Sea Mariño. Contrariamente ó que se poidera pensar, a estes cinco irmans sono de dobre vínculo. Todos eles naceran no reinado de Felipe II. E sabemos que dous deles afincaron na vila da Guarda (os capitáns Fructuoso e Pedro), mentres que os demais seguiron a carreira eclesiástica. E destes, D. Salvador Blanco, despois de ter enviuvado, por falecemento da súa muller, María Alvarez, foi abade de Barrantes uns cinco ou seis anos. Abre en 1928 os libros parroquiais ordenados polo Concilio de Trento no século anterior e neles se rexistra o seu falecemento o 9 de xaneiro de 1634⁴.

De Don Salvador Blanco apenas nos quedan as noticias, máis ben escasas, que resultan dos libros parroquiais, unha xenealoxía de cen anos despois do seu falecemento en 1634 realizada por D. Benito Franco para surtir efectos no Tribunal da Inquisición de Santiago e unha mención que consta no testamento⁵ do seu neto, D. Miguel Blanco de Sea, a figura máis brillante de tóda-las que iremos considerando aquí.

Pois ben; este D. Salvador Blanco tivo unha filla que se chamou Catalina Blanco e que casou con Benito Trigo. Estes tiveron un fillo chamado Miguel e que adoptou os apelidos Blanco de Sea en vez de Trigo Blanco: o apelido Blanco da súa nai e do seu avó D. Salvador -quizais a única persoa pola que sentía admiración e moito respecto-, engadindo o de Sea tamén polo seu avó e polos seus tíos avós⁶.

² Xenealoxía presentada por D. Benito Franco ó Tribunal da Inquisición de Santiago no ano 1741 e escritura de 5 xullo 1630, outorgada na Guarda. Tamén Arquivo da Familia Franco (en diante AfF).

³ *El Santo Oficio de la Inquisición en Galicia* (poder, sociedad y cultura), Madrid, 1982, pax. 175.

⁴ Archivo Histórico Diocesano de Tui (en diante ADT), Barrantes, Libro de Difuntos, 1634.

⁵ Outorgado ante o escribán de Pesegueiro, Juan Fernández, o día 3 de xullo de 1703, AfF. Unha copia figura en Patrimonios, Barrantes, 1799, Arquivo Histórico Diocesano de Tui (en diante ADT).

⁶ Xenealoxía de D. Benito Franco, presentada ó Tribunal da Inquisición de Santiago en 1741, AfF.

D. Miguel Blanco de Sea (ou sinxelamente Miguel de Sea, como ás veces escribía) foi cura en Mougás e no Rosal e logo, por máis de trinta anos, abade de Barrantes, en Tomiño⁷. Acredita cincuenta e un anos de sacerdocio. D. Miguel - adiantémolo xa- destaca entre tódolos eclesiásticos rurais daqueles tempos (estamos no século XVII). E destaca pola súa cultura. Entre os seus compañeiros o máis común é non saber expresarse: por veces un pensa que non saben de qué están escribindo. D. Miguel é un caso á parte. Abonda con reparar na levanza dos libros parroquiais e, en especial, no seu testamento, cheo de ideas sobre a función social da propiedade, a produtividade da terra e os consellos ós seus herdeiros sobre a colocación do diñeiro. Adiantemos tamén que era un home orgulloso, máis ben distante, vaidoso, satisfeito da súa riqueza, que era inmensa, que despreciaba ás súas irmás, especialmente ás solteiras”, ás que menciona no seu testamento como criadas “que asisten en mi casa hai muchos años” e sen mencionar nin unha soa vez que sexan irmás súas. Este era D. Miguel Blanco de Sea, un home que enche o século XVII da nosa historia.

D. Miguel Blanco de Sea amasou unha fortuna inmensa ó longo da súa vida. Herdara da súa familia un patrimonio que non chama especialmente a atención. Pero si chama a nosa atención o que foi construindo en cincuenta e un anos de vida eclesiástica, especialmente na súa etapa de abade de Barrantes. No derradeiro tercio do século XVII, Blanco de Sea ten como unha obsesión por comprar terras. Consérvanse numerosas escrituras deses anos que poñen de manifesto o que dicimos e que, ó mesmo tempo, demostran que a propiedade da terra era apetecida, que as operacións de tráfico inmobiliario eran moi usuais, que comprar e vender, neses anos, era unha ocupación rendible. O prezo medio dunha finca de labradío de cinco ou seis áreas, polo xeneral e segundo os casos, andaba arredor de trinta ducados. Trinta ducados era diñeiro, que poucos o tiñan, aínda que pouco puideran significar para Blanco de Sea. Tan inmensa era esta fortuna que estaba valorada en 5.000 ducados. Cinco mil ducados do século XVII, non o esquezamos. É moi difícil ter hoxe unha idea aproximada desta fortuna. Porque aínda que cinco mil ducados, tomando como referencia o valor do ouro, sexan algúns centos de millóns de pesetas, temos que reparar na capacidade de consumo non só no século XVII, senón tamén no medio en que Blanco de Sea e a súa familia se movían. Da relatividade destas cifras pode dar unha idea, por exemplo, o feito de que Isabel de Valois, a terceira muller de Felipe II, só en tres anos, gasta en xoias dez mil

⁷ D. Miguel Blanco de Sea foi tres anos cura de Mougás, catorce anos do Rosal e trinta e catro anos abade

ducados⁸. Claro que Blanco de Sea non era Felipe II, por suposto. Realmente non hai maneira de gastar unha fortuna semellante, en especial se temos en conta o ben equilibrada que era: propiedades urbanas en Baiona, propiedades forestais e de labradío, muiños e, en especial, moitas rendas procedentes de censos, foros, arrendamentos e tamén aparcerías agrícolas e pecuarias. Pagábanselle rendas dende Mougás e Pesegueiro, ás portas de Tui, e dende o Rosal a Saiáns, ás portas de Vigo, pasando polo val de Tebra.

Tan impresionante era esta fortuna que o primeiro que un se pregunta é que se podía facer con ela. A resposta é o testamento de D. Miguel Blanco de Sea. É o seu o testamento dun príncipe. Ó longo de trinta folios, e só con cargo a un quinto da súa herdanza, lega eidos, casas, gando, muiños, montes, labradíos, viñas a familiares e a non familiares, persoa débedas (as de pequena cuantía, que as grandes manda ós seus herdeiros que as cobren) e funda unha obra pía consistente nunha escola para nenos pobres na que aprendan a “ler, escribir e contar” sen que o escolante lles poida cobrar nada.

Esta escola, que funcionaba xa en tempos de Blanco de Sea, seguiu existindo ata ben entrado o presente século. E dela danos exacta e puntual noticia AVILA Y LA CUEVA, que nos informa tamén de que está dotada con 330 ducados de principal e 110 maravedís de réditos⁹.

Como home culto e do seu tempo que foi Blanco de Sea, sentiu, o mesmo ca moitos outros por Galicia adiante, esta necesidade de atender á instrucción elemental das xentes e, en concreto, de aqueles que non podían ir a un escolante de pago. O profesor PEGERTO SAAVEDRA dinos que conforme á “Estadística General de Primera Enseñanza”, de 1880, de 1611 a 1870 foron creadas en Galicia 113 escolas de fundación particular, e que aínda que esta relación dista moito de ser completa -no censo de 1797 figuran 561 escolas de primeiras letras para nenos e 89 para nenas- o ritmo cronolóxico das fundacións é significativo: o sesenta por cento delas xorde entre 1741 e 1810, e que demostra que dende mediados do século XVIII existe, en sectores sociais diversos, un crecente interese polo ensino primario¹⁰.

de Barrantes, segundo resulta dos respectivos libros parroquiais.

⁸ Henry Kamen, *Felipe de España*, Barcelona, 1998, páx. 349.

⁹ *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tui y su obispado*, T. II, páx. 356.

¹⁰ *La vida cotidiana en la Galicia del Antigua Régimen*, Madrid, 1994, páxs. 372 e seg.

Como se ve, Blanco de Sea foi nisto un verdadeiro adiantado. Como, de maneira semellante, o foi tamén ó destinar o resto dos seus bens, os catro quintos restantes, vinculando os seus bens á capelanía do Arcanxo San Miguel. Como é ben sabido, no século XVIII, con máis claridade aínda que no século XVII, o fundador vinculaba uns determinados bens a certos usos e destinos espirituais e materiais. Tratábase, en realidade, dunha fundación que era administrada e dirixida por un capelán ó que se lle imponían certas cargas, ás veces moi importantes. E, polo xeral, eran tamén produto da vaidade persoal do fundador que quería perpetuarse no tempo, ou, como dicía a fórmula dos escribáns de entón, “por todo el tiempo de siempre jamás”, que máis dunha vez abrolla nas páxinas do testamento de D. Miguel.

No caso de Blanco de Sea está claro que por máis que este encha o seu testamento de disposicións de fachendosa espiritualidade -a fachada, a aparencia, a fachenda eran algo consubstancial á súa personalidade-, por máis que manifeste que salvou a súa ánima e o primeiro que manifeste é que quere poñerse “en carrera de Salvación”, así como facelo todo polo ben de Deus, a finalidade máis evidente da súa fundación non é outra que asegurar no tempo ós seus herdeiros a continuidade, o máis próspera posible, do patrimonio familiar. Con eficacia e con fachenda, que así era de rumboso D. Miguel.

Porque a primeira idea de contido económico que xorde no seu testamento é a da unidade familiar, unidade que simboliza a casa. A casa é a primeira unidade de convivencia e de produción. Por iso, a primeira carga que impón ó capelán que o suceda é esta: “viva y habite en la casa y lugar en que yo vivo... con dichas sus tías... granjeando todos los bienes con mucho cuidado y de ellos se alimenten todos”. (Non deixa de ser curioso que o primeiro chamamento que fai D. Miguel para a súa sucesión sexa dirixido ás súas irmás solteiras que asisten -di- na súa casa dende hai moitos anos. Por suposto que non é en propiedade, senón tan só en usufructo e mentres non chegue a ser clérigo o primeiro designado para a súa sucesión, naquel momento “clérigo de prima tonsura”, fillo da súa irmá Uxía Trigo).

A “domus”, pois, é a primeira unidade convivencia e de produción. Pero iso non abonda. Ademais, os bens, en especial certos bens dalgunha consideración, han de manterse sen dividir e non se poderán vender. Por exemplo, dunha finca na que di que hai máis de cento cincuenta carballos, que deixa coa expresa indicación que dela se sacarán as madeiras que requira a composición das viñas, manda que “no la pueda

ninguna persona vender, trocar, cambiar ni enajenar con ninguna persona aunque sea dando mucho más de lo que valiera, porque desde luego declaro no ser mi voluntad se enajene ni quite de dicha fundación”. E aínda engade para que non haxa dúbidas: “y aunque lo pretendan hacer, y se quiera dar y dé información de utilidad y provecho, no pueda hacerse, ni por el señor Ordinario ni por ninguna persona, por no ser mi voluntad”. E aínda máis: o que hai que facer é “plantar más árboles para que vayan en aumento”.

Pero estas mesmas ideas de intanxibilidade patrimonial tenas tamén D. Miguel respecto de algúns ben mobles, e así manda ós capeláns que lle sucedan que os conserven ou melloren “sin que los puedan vender, trocar ni enajenar, antes lo muebles si se fueren acabando se vayan volviendo a hacer otros”.

Ideas que son case unha teima para Blanco de Sea e que volve a elas, por si non quedaron ben claras, cando se refire ó caso de que o sucesor que designa en primeiro lugar non chegue a selo e deban ter realidade os seguintes chamamentos que fai: “y es condición que todos los que fueren capellanes y patronos de dicha capilla hayan de aumentar dichos bienes y traerlos bien procurados, y no lo haciendo pase a otro, y no puedan, como va expresado, vender, trocar ni enajenar, ni cambiar ninguna cosa de los dichos bienes que van agregados, aunque sea haciéndose información de utilidad y si se hiciere o intentare hacer sea nulo y de ningún valor y efecto, y si alguno lo hiciere o intentare hacerlo pierda el derecho de tal patrono y capellán y pase a otro, porque dichos bienes han de andar juntos e incorporados sin que se puedan dividir, vender ni enajenar ni cambiar”.

E para que todo quede atado e ben atado, manda aínda que “se ponga en el libro de visita de dicha iglesia de Barrantes memoria de esta cláusula de fundación para que se sepa de ello y suplico a los señores visitadores se sirven reconocer si se cumple o no”.

Subliño estas ideas porque son comúns por aqueles tempos, ó menos nas mentes máis ilustradas. O profesor PEGERTO SAAVEDRA atopouse con odenacións moi semellantes nos protocolos notariais do Antigo Réxime. E así destaca que os labregos sabían moi ben que “bens divididos, bens perdidos”, que as partillas levaban á ruína a casas de renome, e cita, entre moitos que se poden aducir, un documento de 1794 -case de cen anos despois do de Blanco de Sea- no que dúas viúvas e un celibato que compartían mesa e manteis nunha aldea do concello de Navia, a unha soa voz,

manifestan que o que teñen “observado es que, oprimidos de la necesidad y haberes de créditos, se propasan a enajenarlos, quedando muy en breve sumamente pobres, con lo cual sucede extinguirse su casa y linajes... Y, al contrario, cuando tales bienes quedan vinculados y juntos en un solo poseedor, con prohibición de enajenación, siempre permanecen y son durables como es justo, y teniendo el tal poseedor con ellos lo que le baste, siempre vive con grandeza, y de esta manera se aumenta y permanece la hacienda y perpetúa el renombre y memoria de sus casas y linajes, como de uno y otro ha dado bastante ejemplo la experiencia”¹¹.

O certo é que estas normas de Blanco de Sea cumpríronse ó longo dos moitos anos que perviviu a súa fundación, pois chegaron non só á entrada do presente século, co derradeiro capelán, D. Miguel Franco y Piedra, senón que, aínda despois deste, a mediados do presente século, o patrimonio orixinario mantíñase como unha unidade familiar arredor dunha mesma casa -a casa do Pazo. E, tal como prevía Blanco de Sea, e como lles ensinaba a experiencia ás viúvas e celibato aludidos por PEGERTO SAAVEDRA, a desmembración do patrimonio derivou na pobreza, na ruína que son hoxe as propiedades de Blanco de Sea, se ben non só por esa causa.

Pero as ideas de D. Miguel sobre a produtividade eran moi diversas, e non só lle importaba a produtividade das terras. Tiña unha especial preocupación pola produtividade do diñeiro. A este respecto tamén o seu testamento é fonte inesgotable de información. A súa primeira teoría é que un arrendamento (refírese, en concreto, ó arrendamento dunha terra que el estima moi productiva) debe ser concertado en subhasta pública para que o leve o que máis dea por ela; e, ademais, que o arrendamento non se faga por moitos anos, senón de tres en tres porque entende que, desa maneira, o arrendatario terá interese en traballala ben para que se lle renove o arrendamento.

Outra das súas teorías (e isto máis que unha teoría era xa para el unha obsesión) era que todo diñeiro de que se dispuxera, ben procedera da redención dun censo ou de calquera outra operación, manda no seu testamento que se invista de novo. O diñeiro non podía estar parado. E el levou á práctica estas ideas, como tamén resulta do seu testamento no que nomea unha por unha as persoas que lle pagan xuros polos capitais prestados. E son, por certo, un bo número delas.

¹¹ *La vida cotidiana...* cit., pág. 208.

Por suposto que el non lle chama préstamo a estas operacións. Denomínaas censos, sen dúbida polo natural refugo que a Igrexa mantivo das operacións de préstamo. Como moitos, D. Miguel coidaba que, cambiándolle de nome á operación, esta convertíase noutra cousa. O censo, como a hipoteca, é un gravame real sobre bens inmobles; por iso non caben censos sobre o diñeiro. O que el facía eran préstamos, sin más ardeos. E por certo que era elevados os xuros que D. Miguel percibía, que ás veces pasaban do dez por cento, se ben estes xuros variaban segundo fose a cantidade prestada -ou dada a censo, como el dicía.

Non se conservaron os seus libros de contas. Sabemos que os levaba e el mesmo indica que serán complementarios das súas disposicións testamentarias. Pero abonda co seu testamento para ter unha idea clara do gran número de veciños seus que lle pagaban xuros polo diñeiro prestado.

Isto lévanos dereitos a outra consideración: a confirmación unha vez máis da dependencia da nosa xente campesiña do capital alleo. Non dispoño de argumentos para deixar sentado que estas prácticas fosen abusivas. Pero non hai a menor dúbida de que eran usos e costumes determinados pola necesidade. En realidade, por dúas necesidades distintas: a do home que dispón da posibilidade de multiplica-lo seu diñeiro e a apremiante dos que por necesidade teñen que recurrir á débeda. E non cómpre un grande esforzo para comprender que a desigualdade é manifesta, pois Blanco de Sea non tiña maneira de consumil-as inmensas rendas que percibía, mentres que a xeneralidade dos seus veciños case apenas nin podían subsistir.

Pois non ten nada de sorprendente que afirmemos o que era unha realidade manifesta: aínda a xente que de máis posibles dispoñía, como o propio Blanco de Sea, non só non eran ricos cos nosos criterios de hoxe, senón que só tiñan asegurada unha vida cómoda ou, mellor, que a sombra da fame ou da estreitez non os tocara. Pero non moito máis. Fronte a isto, a maioría das xentes vivían en privación constante: gabelas, fames, pestes... de todos ben coñecidas neses tempos. Como moi graficamente expresou PEGERTO SAAVEDRA, a alimentación da xente era pan, caldo, leite e rara vez compango. E non sempre. E se enriba lles botámo-los xuros dos capitais precisos para ir tirando, o panorama que se ten descrito polos que teñen investigado a vida cotidiana de Galicia no Antigo Réxime non pode ser máis que sórdido, e dá mesmo arrepiño pensalo dende a nosa óptica de hoxe en día. E aí están para demostralo, ademais, os relatos dos

viaxeiros que viñeron por estas terras, dende XVI ó século XIX, dende o Licenciado Molina a George Borrow.

Tamén aquí nos pode ilustrar o testamento de D. Miguel Blanco de Sea se reparamos nas disposicións que contén referentes a bens que deixa ás súas sobriñas ou cando dá consellos sobre os mobles que hai na súa casa. Por exemplo, deixa ás súas sobriñas Pascua e Apolonia (eran estes dous nomes de moda por aquel entón, que nos libros parroquias xorden aquí e acolá) ou manda ós seus herdeiros que llelos entreguen, un traxe a cada unha para cando casen. Visto con ollos de hoxe esta manda semella ben pouca cousa, pero cos ollos daqueles tempos tiña moita importancia, xa que o traxe do casamento podía ser para toda a vida, ou polo menos para moitos anos. E así foi ata anos non afastados no mundo rural que moitos lembramos aínda. E o mesmo fai con outros bens necesarios, como arquibancos para gardar a roupa, etc. Todo o cal expresa nunha vez máis que aínda os máis ricos vivían alleos a calquera idea que hoxe chamariamos consumista.

Don Miguel Blanco de Sea faleceu o día 27 de marzo de 1704, ó toque de oración, segundo consta no Libro de Defuntos da parroquia de Barrantes¹². E foi enterrado no altar maior da igrexa parroquial, como el mandara no seu testamento, onde tamén o estaban os seus pais Benito Trigo e Catalina Blanco, así como o seu avó D. Salvador Blanco. E foi soterrado con toda a fachenda que el mesmo debuxara no seu testamento, fachenda propia dun príncipe. Pero disto non imos falar.

Producíase, pois, a sucesión na capelanía do Arcanxo San Miguel. Pasarían todo-los os bens, en usufructo, ás súas irmás Isabel e Dominga Trigo. Falecida a última en 1710¹³, o patrón e capelán designado era o seu sobriño Miguel Fernández Blanco. Este home era o reverso do seu tío. En realidade é o primeiro crápula de quen hai noticia nesta familia. E máis que crápula, era un toleirán. E se o deixan, que non o deixaron, acabaría co pequeno imperio de Blanco de Sea, que xa era difícil. Porque este home non fixo máis que tolerías, á parte de non pasar nunca de clérigo de prima tonsura. Nunca chegou a ordenarse de maiores. Era clérigo de prima tonsura en 1703 e seguía sendo o

¹² ADT, Barrantes, Libro de Defuntos 1704, f. 299vº.

¹³ ADT, Barrantes, Libro de Defuntos 1710, folio 310vº.

17 de novembro de 1711, en que fai constar nun documento que ten 28 anos máis ou menos¹⁴. E aínda o seguía sendo en 1721, cando Domingo Franco, o home de Apolonia Fernández Blanco, inicia un expediente xudicial, como representante do seu fillo menor de idade, Benito Franco, para que este sexa nomeado sucesor na capelanía, conforme ó testamento de D. Miguel Blanco de Sea. Nin sabía a súa idade. Nacera o 21 de agosto de 1680¹⁵: tiña en 1721, por tanto, 41 anos cumpridos, excedendo a idade que o seu tío lle impuxera como tope para remata-los seus estudos. Entre as moitas tolerías que este pobre home fixo unha das máis soadas, e que deu lugar a outro expediente xudicial, foi arrenda-los muíños de Campo, no Rosal, que o seu tío herdara de D. Salvador Blanco, por unha cantidade irrisoria¹⁶. Pero estes muíños producían unha renda que permitía a Blanco de Sea destinala a soste-la, só con ela, -o que dá unha idea da importancia que por entón un muíño podía ter- a escola de primeiras letras que el fundara para nenos pobres. Por suposto que se anulou o arrendamento. E outra non menos grave, quizais tan só por tratar coa fidalguía local, os Meneses, foi desgraciar unha das mellores fincas que o seu tío destinara á fundación da capelanía impoñendo unha servidume que a fendía inutilmente en dúas, e manifestando nesta escritura que o feito non ten importancia¹⁷. ¡Como para que Blanco de Sea se erguese da súa campa!

Por tanto, D. Benito Franco, fillo de Apolonia Fernández Blanco e de Domingo Franco, ó rematar os estudos eclesiásticos, foi o sucesor da capelanía. E con ela da fortuna de D. Miguel Blanco de Sea. Fortuna que dende o ano 1710, en que falece Dominga Trigo, a última irmá usufrutuaria que quedaba, nada indica que fose ben administrada, ó menos non coidadosamente gobernada, como o fundador esixía dos seus herdeiros no seu testamento. A primeira medida que tomou o pai de D. Benito Franco foi apartar ó seu cuñado, Fernández Blanco, do goberno dos bens. E de feito logrou silencialo para sempre: nunca máis se volveu saber de Miguel Fernández Blanco. Os libros parroquiais ningunha referencia conteñen respecto deste home. É como se a terra o engulise, como se o demo o levase. Nada raro sería que el fose o primeiro emigrante desta familia, como ben logo o serían outros parentes seus.

D. Benito Franco, no seu medio, era un príncipe. E a súa fortuna non pasou desapercibida ó Santo Oficio da Inquisición. Como clérigo rico que era, a súa

¹⁴ AfF.

¹⁵ ADT, Barrantes, Libro de Bautizados, 1680.

¹⁶ AfF.

¹⁷ AfF.

candidatura para comisario do Tribunal do Santo Oficio non podía ter discusión. Consérvase o seu nomeamento, e está firmado en Santiago polo “secretario del secreto”, Domingo de Laxes, sendo Inquisidores do Tribunal Pedro Román Villalón e Diego de los Ríos Avamuel, o día 4 de setembro de 1741, é dicir, cando D. Benito Franco tiña 29 anos¹⁸. Nunca saberemos si foi el quen pediu que se lle outorgara este cargo, ou se foi suxerido polo propio Santo Oficio. Do que non hai a menor dúbida é de que o cargo lle satisfacía: non só facía constar entre as súas circunstancias persoais en canto documento interviña, que era “Comisario del Santo Oficio de la Inquisición de este Reino”, transcibindo ó pé da letra o texto que figura no seu nomeamento, senón que na súa casa do Pazo, herdada de Blanco de Sea, mandou poñer un escudo coas armas da Inquisición, pero ó que lle engade, no ángulo superior esquerdo, a cruz floreteada en ouro propia do apelido Franco¹⁹.

Polo menos no século XVII, e pode que menos no XVIII, a figura do comisario da Inquisición fora moi potenciada. Era un cargo relevante, socialmente sobre todo. E que levaba aparellado un certo poder -ou polo menos temor. Porque, conforme a Inquisición se burocratizaba e os Inquisidores apenas facían visitas, pasan estas funcións ou cometidos ós Comisarios, de sorte que estes, no medio rural, cobren a ausencia do Inquisidor incrementándose o seu poder²⁰.

Como di CONTRERAS, este cargo de Comisario é por riba de todo un blasón social, un prestixio de familia ou de estirpe, necesario e imprescindible dentro da xeografía social. Pola súa vinculación coa clase privilexiada, o clérigo-comisario exercía o seu dominio social e espiritual sobre a comunidade. Claro que o podía facer de dúas formas: sendo prudente, calando todo porque o sabe todo (e hai moitos exemplos disto), ou exercendo a súa autoridade de maneira arbitraria -do que tamén hai exemplos. No primeiro caso, segue dicindo CONTRERAS, estará integrado na comunidade rural; no segundo fóra dela e aínda contra ela.

Como *alter ego* do Inquisidor pode un Comisario tomar declaración a testemuñas, pero na presenza dun notario do Tribunal. Pode facer visitas, informar ó Tribunal e gobernar ou dirixir a rede de familiares do Santo Oficio. E controlaba, na súa

¹⁸ AfF.

¹⁹ Placido Mendez Cruces, *Heráldica del “Baixo Miño”*. Seminario “Fontán Sarmiento” de Hagiografía, Toponimia y Onomástica de Galicia, nº 16, 1995.

²⁰ *El Santo Oficio...* cit., páxs. 161 e segs.

comunidade, o pensamento de cada quen. E esta pode que fose a súa meirande potestade.

Todo parece indicar que D. Benito Franco foi dos comisarios integrados na súa comunidade. Home máis ben enfermo -morrería paralítico ós sesenta e tres anos-, resultan dos papeis familiares que tiña dúas preocupacións: unha, que os paisanos non se fixeran os parvos e que lle pagasen as rendas que lle debían; e máis dunha vez comparece diante dos escribáns da Guarda pedindo o que hoxe chamariamos “testimonios de particulares” de vellas escrituras en que constan que certas fincas están gravadas con rendas que se lle deben pagar. E, por suposto, nestas comparecencias fai constar que é “Comisario del Tribunal del Santo Oficio de la Inquisición de este Reino”; e outra das súas preocupacións era a inversa, non pagar as rendas que algunhas propiedades súas debían a outros, chegando a remexer montes e moreas de papeis nas escribanías da Guarda.

D. Benito era un home meticuloso. Demóstrao a xenealoxía dos seus pais e avós, paternos e maternos, que presentou no Tribunal da Inquisición para probar a súa pureza de sangue, que non era de mala raza, que non tiña ascendentes ilexítimos, con todos os demais tópicos da xerga inquisitorial. É este un traballo ben feito. Xenealoxía moi útil, por outra banda, porque permite un coñecemento exacto das dúas liñas familiares (Blanco de Sea e Franco) ata o reinado de Felipe II.

Meticulosidade que se estendía a papeis que nos revelan hoxe aspectos que nos permiten coñece-la evolución da vida familiar, a conservación das rendas, etc. Por exemplo, sabemos que as rendas que D. Benito percibía eran as mesmas que lega Blanco de Sea no seu testamento, por máis que algúns paisanos, en especial no val de Tebra, se fagan os tolos e non queiran pagalas aducindo que xa hai moitos anos que non se lles cobran. E sabémolo porque o deixou expresamente escrito, enumerando unha por unha e con expresión de quen lla pagaba. Todo semella indicar, pois, que a economía familiar non padeceu grandes cambios neste século XVIII e que goza de boa saúde.

En realidade, estes conflitos entre os capeláns que cobraban rendas e os paisanos que as pagaban están acreditados en todo tempo: en 1760, xa antes de se ordenar de menores o primeiro Miguel Franco, no conxeito de xustifica-lo patrimonio que garantiría o seu ministerio, ve que se lle refugan tres fincas da relación presentada como patrimonio por reclamación que fai unha tal María Ferreiro, que di que os bens

son seus e que non se poden “espiritualizar”²¹. O Bispo de Tui acepta a demanda de María Ferreiro. E algo semellante ocorre co derradeiro capelán, D. Miguel Franco y Piedra, quen reproduce as mesmas actividades dos seus antecesoros e vémolos solicitar copia dunha escritura outorgada por Blanco de Sea para xustificalo seu dereito ó cobro de certas rendas de fincas que posuía no val de Tebra. Como case sempre, eran os veciños de Tebra os que máis empeño poñían en non pagar rendas á capelanía do Arcanxo San Miguel, en Barrantes, xa entón expertos na máis eficaz defensa pasiva, que é face-lo parvo.

Máis importantes ca eses conflitos foron as fames e pestes padecidas en Galicia, e en concreto no Baixo Miño, nos anos 1723 e 1769, dramáticos acontecementos dos que AVILA Y LA CUEVA nos dá moi precisas informacións. E que por forza tiveron que influir nas rendas que D. Benito percibía e na baixa ou nula produción das súas propias terras. A descripción de AVILA Y LA CUEVA dan mesmo arrepío:

“...bajaron de las montañas a esta ciudad infinidad de pobres, murieron muchos de suma necesidad y no había granos con que hacer la siembra de las tierras”²².

Pero D. Benito Franco é home de poucos folgos e non parece que teña moi boa a súa saúde. O seu sucesor e sobriño, Miguel Franco, ponlle pleito porque estima que non está en condicións de cumprir cos fins da fundación. E logo de anos de pleitos entre tío e sobriño, no ano 1775, seis meses antes da morte do primeiro, cede todo-los seus dereitos a Miguel Franco e resérvase apenas o necesario para a súa subsistencia. Vivirán na mesma casa, como mandara o fundador, pero D. Benito Franco aínda puido conseguir do seu sobriño esa mínima seguridade.

A transacción é penosa: D. Benito declara atoparse inmovilizado na súa casa, sin se poder mover, -como é notorio, di. E por iso, porque non pode cumprir cos fins da fundación, cede tódolos seus dereitos a Miguel Franco, e, en contraprestación só consegue dez bucios (é decir, sesenta ferrados) de millo miúdo, “limpio y seco de polvo y paja”; unha pipa de viño, vinte ducados de vellón; oito ducados para unha criada, dúas sabas de lenzo e dúas almofadas; dúas mudas de roupa branca de lenzo. O diñeiro

²¹ ADT, Patrimonios, Barrantes, 1760, 1779 e 1852.

²² *Historia civil y eclesiástica...* cit., páxs. 533, 370 e 371.

darallo o sobriño ó seu tío en tres prazos e o millo miúdo tóda-las semanas, o mesmo que a roupa branca.

Triste fin, dende logo, dun gran esplendor. A transacción ten data de 26 de maio de 1775²³. En 9 de decembro dese mesmo ano falece D. Benito Franco, como se di nunha nota manuscrita que consta nunha das copias dese documento, “ós sesenta e tres anos e dous meses”.

De agora en diante a fundación vai ser gobernada pola saga dos Miguel Franco. Tódo-los capeláns dende esa data ó presente século levarán por nome Miguel, en lembranza de Blanco de Sea e pola advocación da capelanía. Uns serán homes aproveitados, outros grises e un deles un exemplo típico do crego de aldea do século XVIII, que deixa o sacerdocio, que casa dúas veces, que ten fillos dunha e outra muller, e tamén algún máis. Home este enérxico, inquedo e cheo de folgos, desafogado como podía. Foi tamén en bo exemplar de crego rural do Antigo Réxime, daqueles que os Inquisidores que das terras anchas chegaban a Santiago chamaban fornicarios. Homes esquemáticos, sen matices e por iso mesmo sen sentido do humor, tiñan tres teimas que os traían sen acougo: tirapuxas por razón de precedencia co Cabildo compostelano²⁴ as poucas rendas que producía o Tribunal de Santiago a estes fornicarios que, por falta de doutrina -así se expresaban- pensaban que non era pecado que un home tivera relación carnal con muller solteira se esta consentía. Para eles era pecado e polo tanto delito da competencia do Santo Oficio²⁵. E isto non era nada en comparación cos violadores, homicidas, ignorantes da propia doutrina eclesiástica e enfermos de cobiza, que tan documentados quedan nos estudos sobre o Antigo Réxime, e que tan fortes críticas recibiron non só dos nosos ilustrados do século XVIII, senón tamén antes, xusto é dicilo, das propias autoridades eclesiásticas, primeiras interesadas en corrixir esas situacións.

Chegados a este punto cómpre que nos preguntemos pola fundación de Blanco de Sea, aquela que el quixo constituír “por todo el tiempo de siempre jamás”. Con altos e baixos, e ás veces a voltas e reviravoltas, ben por vacantes na capelanía, ben por ausencia de membros da familia que xa en 1700 iniciaron o camiño da emigración (dous deles, dise nun documento de 1812, ausentes dende hai máis de corenta anos “en el

²³ Escritura de 26 de maio de 1775, ante o escribán Antonio Vermúdez Mayorano Valladares.

²⁴ Galicia Diplomática, T. III, páxs. 45 e seg.

²⁵ *El Santo Oficio...* cit., páxs. 628-629.

imperio del Brasil”²⁶, sen saber se están vivos ou mortos), a fundación de Blanco de Sea, incluída a escola para nenos pobres, perviviu practicamente ata os nosos días, e si se extinguíu foi porque Miguel Franco Granja, meu tío avó, que estaba destinado pola súa familia a se-lo sucesor (por iso lle puxeran de nome Miguel, como tódo-los que a familia destinaba a capeláns), non quixo saber nada co latín nin co seminario. Meu tío preferiu ser inventor de máquinas que nunca funcionaron. Pero el e a súa familia seguiron vivindo dos bens da fundación. E, mal que ben -máis ben mal-, o grosos dos bens están onde estiveron sempre. O que ocorre, naturalmente, é que a súa función, infelizmente, non é nin de lonxe a mesma. Pero isto é xa outra historia máis sabida, non distinta da xeral historia desta terra nosa: restos dun naufraxio do que non sabemos se algo se pode salvar.

E xa para rematar, que vai sendo hora, quixera responder a máis dunha pregunta que sen dúbida vos faredes: ¿Por qué sacar do esquecemento estas sombras do pasado e expoñelas aquí diante de vós? ¿Qué vos poden dicir eses parentes sen rostro, e, por iso, nada parentes xa? ¿Qué mensaxe hai aquí, se é que hai algunha? Estas preguntas teñen dúas respostas, unha subxectiva e obxectiva a outra. Empezarei pola obxectiva: nun país sen memoria histórica como o noso, no que tanto documento se perdeu e destruíu por ignorancia, calquera feito, por pequeno que sexa, pode contribuír ou axudar a reconstruír esa memoria histórica. E xusto porque as nosas carencias son tan grandes, penso que non está de máis calquera contribución, por insignificante que pareza, a afortalar esa memoria histórica, porque sen ela un pobo mesmo pode desvariar, xusto por falta de referentes indispensables, como é o referente da historia común. Cando ese referente falta, poden chegar o disparate e o ridículo: podemos poñernos a celebrar reconquistas que nunca tiveron lugar, que nunca foron, que nunca serán referente de cousa ningunha, agás da ignorancia.

Pero hai tamén unha razón subxectiva, para min tan válida como a outra: é consubstancial ó ser humano querer saber máis cada día de si mesmo. Ninguén se pode substraer a esta cobiza. É máis, quen pense que se subtrae é que está un pouco morto. Por iso, escudrumar na nosa vida familiar, cando é posible, que non sempre o é nun país tan facareño como o noso, é un acto cultural que axuda a iluminarnos a nós mesmos e a mellor comprender ós que nos antecederon.

²⁶ AfF.

De donde se segue outra razón subxectiva, pero para min tan válida como as outras: quixen axudar no seu camiño ós que me han seguir no tempo, por se eles teñen atrancos dos que eu tiven para comprenderse eles mesmos e ós que lle antecederon. Teño a esperanza de que lles teña axudado a comprender mellor a ese ser ás veces difícil, non sempre accesible e case sempre desconcertante que é seu pai.

RESPOSTA
DA EXCELENTÍSIMA SEÑORA DONA
LUZ POZO GARZA

Excmo. Sr. Presidencia da Real Academia Galega,

Ilustrísimos Sra. e Sres. Académicos,

Benqueridos amigos e amigas:

É un verdadeiro honor para min ter sido designada para recibir a don Xosé Luís Franco Grande como Académico Numerario desta douta Casa, que é, evidentemente, a Casa viva de Galicia e da Galeguidade universal.

Venme tamén esta honra pola estima e amizade que me une, hai anos, co novo académico, coa súa benquerida esposa Marián, coas súas fillas Rosalía e Navia.

Gustaríame lembrar que, antes de nós tratar con tanto afecto durante a miña estada en Vigo, xa levabamos unha cordialísima relación epistolar co gallo da súa colaboración poética na revista *Nordés* -naquelas datas heroicas de 1975, con Tomás Barros, Isidro Conde e co apoio artístico de Luís Seoane que deseñou a cuberta de *Nordés* coa lazada misteriosa de San Andrés de Teixido, de escura significación ritual e mítica...

Pois ben, Xosé Luís Franco Grande, dende o seu despacho de avogado en Vigo, enviábame fermosos e puntuais poemas, cartas de ánimo, unha constante adhesión a *Nordés* e mesmo algunha axuda á nosa publicación, mostra da súa liberalidade diante dunha causa poética. E todo o facía xenerosamente: co entusiasmo dun rapaz e co afervoamento dun poeta. Sempre recordarei as constantes palabras de apoio que chegaban co incentivo da participación activa na continuidade da revista: *É un estímulo e, á par, unha bandeira -escribía- defendámola*. E chegaban como primicias o pranto ferido pola morte do amigo dunha acedía que non borra a seguridade da fe. E o lentor que dá vida ás raíces das plantas e a un poeta inmerso coma unha árbore na terra de Tebra.

Viñan as cartas co recendo de Tebra que entraba na súa alma de poeta galego, e o facía optimista e feliz. Tebra era a súa sé espiritual, absolutamente necesaria para o

ocio creativo interiorizado, para se enchoupar no silencio piadoso da aldea. Para habitar aqueles bosques que eran el mesmo, ollados desde o sangue e o ser.

A miña poesía non se explica sin Tebra titulábase o ensaio de autopoética que escribiu para *Nordés*. Íase decatando Xosé Luís cada vez con maior intensidade, de que Tebra era a súa infancia e de que todo *-Todos os seus elementos, todas as súas referencias e substratos, todas as súas raíces máis fondas- é un rezume que vai saíndo da miña infancia.*

Fora a súa unha infancia moi fermosa, dunha ledicia inmensa. Vivira un mundo máxico. Un mundo que se vai esvaendo e perdendo para as novas xeracións. *Porque eu, querida Luz Pozo Garza, aínda son dos que rodaron o liño; aínda son dos que tomaron o mel quentando o favo ao lume, para separar o mel da cera; aínda son dos que adeprenderon de memoria a Horacio e Virxilio debaixo dunha alta e longa parra de albariño! Velaí tes a explicación da miña clara vocación episcopal...*

Xa se sabe que un humor galaico e bonacible é unha das características máis acusadas do novo académico. Aló, na súa casa de Tebra, con toda a familia, íamos Eduardo e máis eu a xantar, beber o viño rebuldeiro da colleita propia, na solaina: concerto de aves, agromar da vida vexetal, sonoridade de fontes e unha conversa amenísima salferida do fino humorismo -ou preocupación íntima indulxente- do noso anfitrión.

Naquel *locus amoenus* de Tebra percateime mellor da poesía de Franco Grande. Alí o tempo cobraba unha dimensión diferente, meditativa e fonda. Era como ollar no propio ser, que era tamén a inmensidade ilimitada. As cousas próximas desaparecían nunha estraña lonxanía que tamén se facía intimidade. ¿Onde contemplar a vastidade do espacio, fóra de nós ou no interior da alma? ¿Cómo se defender do sentimento de nostalxia que fire desde a soidade do ser transcendente? Cómpre, desexo eu, reivindicar e actualizar moi reverentemente a verba “*saudade*”, que para min é ese sentimento existencial da natureza co noso ser cando nos achega en ondas a presenza inabarcable de Deus.

Como poeta, Xosé Luís Franco Grande, integra -segundo Méndez Ferrín- xunto cos escritores nados entre 1930 e 1940, a chamada *Xeración das Festas Minervales*. Están entre outros, o propio Ferrín, Xohana Torres, Manuel María, Novoneyra, Salvador García-Bodaño, Ramón Lorenzo, Álvarez Torneiro, etc... Son, segundo o

devandito autor do estudio histórico-literario *De Pondal a Novoneyra*, os representantes máis xenuíños da *Escola de Tebra* (reparemos na coincidencia entre esta denominación de grupo poético e o topónimo que xa coñecemos como o remanso e abeiro do noso recente académico. Pero xa se sabe que non hai casualidades senón misteriosas incidencias do destino). Pois ben, segundo Ferrín: A *Escola da Tebra* constitúe unha adaptación do surrealismo ó espacio cultural da lingua galega, co engadido dunha forte e aceda carga relacionable co clima anguriado do existencialismo literario dos anos corenta. Dentro deste grupo, Ferrín destaca en Franco Grande unha fala sinxela e simbólica para expresar unha poesía que se achega ó místico relixioso. Unha emoción e clasicismo para definir a paisaxe rural. Unha orixinalidade poética que o distingue entre os mellores poetas da súa xeración.

Pero ¿qué é a poesía para Franco Grande? Son tantas as definicións e as posicións de toda índole diante da poesía que chegamos a conclusións de que hai tantas poéticas como poetas. Recordemos a famosa ecuación, tan reiterada por Vicente Aleixandre, que identificaba poesía con comunicación para instalarse no polo oposto da poesía como produto das *torres de marfil*. Hoxe en día a comunicación da mensaxe está perfectamente aclarada pola Escola de Tartu. A poesía -como as artes- é un sistema semiolóxico. Unha estrutura de signos aptos para a comunicación. Mais, para José Ángel Valente o valor do poema radica na fascinación do enigma. No seu misterio. Polo tanto, escribe: *La poesía no sólo no es comunicación; es, antes que nada o mucho antes de que pueda llegar a ser comunicada, incomunicación, cosa de andar en lo oculto.*

Estase, pois, a falar do mesmo con ópticas distintas. Verdadeiras as dúas. Xa que o poema, segundo Lotman, leva de seu, irremisiblemente, como receptor ó propio autor. Penso eu que neste sincretismo debemos dilucidar entre o misterio inefable do poema e a súa transmisión alén nós.

Para Xosé Luís Franco Grande, a poesía é tan lábil *que pode ser e, por un case nada, deixar de ser*. Nesta idea andaba tamén o poeta Luís Pimentel cando escribía aquel fermoso poema que coñeceu varias versións: *Una palabra nueva ha nacido (...)* *Tápale los pies / azules están de frío (...)* *Aún no tiene sangre (...)* *Enciende todas las lámparas. / La muerte vela en los pasillos...* Xa que para Luís Pimentel a poesía era tan fráxil coma a vida, mantíñase na mesma labialidade do ser afectado dun oco existencial ineludible.

¿Pero cal e o pulo que nos alza no verso? Franco Grande dinos que non sabe exactamente o que busca. Quizais unha música que vén dada polos “enes” en final de sílaba. Pon exemplos: *As horas fóronse non sei por onde / e vinme un intre fóra do meu tempo / sin ninguén máis ca min.*

En efecto, nesa posición silábica posnuclear, o fonema nasal linguoalveolar /n/ realízase nunha longa serie de alófonos que o poema utiliza no plano do simbolismo fónico. Hai un estraño *soneto fonético* divertidamente lúdico, de Díez Taboada, que empeza así:

*Las guturales gritos emitieron,
las nasales lamentos murmuraron,
las labiales amor manifestaron,
las palatales, al llorar, gimieron.*

En 1987 publica Franco Grande o libro de poesía *Herdo de memoria e tempo*, que reincorpora a obra anterior *Entre o si e o non*, Premio Nacional de Poesía Rosalía de Castro en 1967. Na introducción dinos o autor que escribía poesía, en certas circunstancias pouco alentadoras, pode ser un acto heroico do que pende a íntima salvación.

Partindo destes supostos, fixen eu daquela unha lectura que se publicou en *Grial* no ano seguinte. Distribuín o material poético en catro apartados: *A búsqueda desde o tempo*, onde o suxeito lírico se mergulla no misterio insondable do propio ser na procura do *eu* íntimo. Ás veces a búsqueda non dá o resultado previsto. Ás veces, o esforzo da ollada interior acada unha fugacísima visión feliz, pero incomunicable como a visión dos místicos...

No apartado *Desinterese polo mundo obxectivo*, o poeta alude ó afastamento do exterior para se achegar ó sector da máis recóndita intimidade. O reino nunca compartido: *O meu estar aquí sen máis ninguén.*

Os motivos do afastamento están ben claros no poema:

*Eu paso polo mundo
sen apousar nas cousas desta terra;
paso por riba delas
e todo o vexo sempre dende lonxe...*

Chegar a destempo; perder no xogo da vida; vir ó chan; probar o acedume *-como ese que nos queda / no paladar despois dalgunha festa-* experimentar a derrota diante do esforzo ou non acadar nunca os eidos do ceo e da terra para telos unidos, son a causa da desilusión do poeta.

No apartado *A música como estímulo*, achamos o axente propiciador da inmersión no *eu*. O poema, que estamos a contemplar nun fragmento, danos certas ameteduras que se encadean. Son elementos heteroxéneos que se integran nun *eu: tarde, piano, éter, licor...* Esta fusión dáse na hora na que a alma adoce, cando materia e espírito semellan fundirse nunha unidade cósmica, infinita, música onde todo se esquece:

*A tarde era un piano na oquedade
nun éter de licor
e eu era música e licor tamén...*

*E de ningures unha danza tola
erguese coma un rito
eu entón pasei da música ó esquezo.*

*As horas fóronse non sei por onde
e vinme un intre fóra do meu tempo
sen ninguén máis ca min.*

E segue o poeta na teimosía de afondar no misterio do propio ser. E pérdese nunha idade sen tempo sen saber ás certas o que busca. Hai unha sombra de paraíso, de algo lonxano, indefinible e inasible. Unha inmensa oquedade *onde nada se amostra e todo esvara*.

Hai tamén outros libros transcendentais de Franco Grande. Estou a falar de *Os anos escuros I, A resistencia cultural da xeración da noite (1954-60)*, de 1985. Visión persoal documentada do galeguismo de posguerra. Historia e intrahistoria nosa. Por outra banda, *A ilusión da esperanza (de Cabanillas a Baixeras)*, 1991. Memoria histórica e memoria da amizade nunha idea definidora dentro dunha Galicia con fundamento, non trivial. Ademais destes e outros ensaios, incide na dramaturxia con *Vieiro choído*. E na lexicoloxía cun frecuentado *Diccionario Galego-Castelán* desde 1968.

O discurso de Xosé Luís Franco Grande, que hoxe nos convoca, leva por título unha dobre definición: a histórica e a intrahistórica tan frecuentada polo novo académico ó longo da súa vida profesional e cultural: *O Antigo Réxime nunha familia do Baixo Miño*. Leva ademais unha referencia espacial que implica un dominio cognoscitivo textual, histórico e actual.

O autor céntrase, pois, na historia da familia que protagoniza a saga dos Blanco de Sea-Franco. Século XVII e XVIII. Etapa do Antigo Réxime, na difícil transición á modernidade. No lugar do Baixo Miño, o autor revive, a través de esclarecedores documentos familiares, as vicisitudes destes seus antepasados, a espléndida economía e poder, a súa forma de ollar a vida, o espírito ilustrado dalgúns membros como Miguel Blanco de Sea, figura estelar desta saga. O declive do clan chega ata o noso século.

Céntrase tamén o autor do discurso, nas ideas que se puxeron en práctica con respecto á conservación e produción da terra e dos bens patrimoniais ou novamente adquiridos. O documento idóneo será xa que logo, o *testamento* de Miguel Blanco de Sea, Abade de Barrantes.

A través do *discurso* de Franco Grande, móstrárenos ese personaxe principal da historia, Miguel Blanco de Sea, na complexidade dun espírito absoluto e centralista. De ideas claras e incommovibles. Ollámolo na plena conciencia do seu inmenso poder, non só dentro da propia familia que el goberna sen trabas, senón a través da Igrexa unida á extensa economía que persoalmente acumulara. E, polo tanto, vémosto na relevancia do poder nunha sociedade rural en constante dependencia económica e de feligresía. Na creación dunha *fundación*, vencellada á capelanía do Arcanxo San Miguel, onde se integran bens e capital con vontade de perpetuidade.

Capítulo importante e o do *testamento* de Blanco de Sea, que Franco Grande cualifica de *principesco*. Vemos alí como o testador fai un práctico distingo entre débedas importantes, que non se poden esquecer, e débedas de non moita entidade que se condonan. Esta xenerosidade vai da man cos diversos legados que se dispensan a distintas familias...

E como home ilustrado vémosto defender e propagar a cultura. Crear unha escola gratuíta para nenos pobres. O seu espírito contradictorio déixase ver no trato coas irmás, ás que menospreza, posiblemente pola falta de instrucción da muller daquela época - feito que a relegaba á servidume doméstica, mesmo na propia casa. Actitude

contradictoria, tamén, deste complexo personaxe: o contraste entre a súa riqueza fronte ás necesidades das xentes endebedadas con el por *censos*, que en realidade eran préstamos e parece que non demasiado honestos.

Na segunda parte, xa no século XVIII, pasan pola capelanía do Arcanxo San Miguel, e pasan por diante de nós como unha saga de douscentos anos de soidade -o que assistimos engaiolados- Miguel Fernández Blanco, *O toleirán*, incapaz de manter o status. Con Benito Franco, o sucesor, entran a saga dos Franco, leva este con orgullo o cargo de Comisario do Santo Oficio da Inquisición e está dotado do espírito integrador do vello fundador Blanco de Sea. Sucede no goberno da Fundación Miguel Franco e a este outros Migueles de moi distinta disposición e capacidade, que sosteñen mal que ben a *Fundación* de Sea ata época recente. O derradeiro destinatario Miguel Franco Granja, o tío avó do noso académico, é tamén un romántico. Unha especie de Silvestre Paradox, que esquece o latín e o seminario para profesar na súa auténtica vocación do inventor de inxenios sen patente.

Escoitando o espléndido discurso de Xosé Luís Franco Grande, seguimos interesados na liña de sucesión dos personaxes implicados no relato, desde o fundador do *imperio* de Sea ata o don Miguel Franco, constructor de máquinas ilusorias. Decatámonos do poder da palabra do noso escritor para incidir tan lúcidamente nese complexo familiar, nas súas ideas, formas de vida, testamento, cláusulas, fundacións, xenealoxía...

Admiramos a capacidade de análise de Franco Grande na ampla época do *Antigo Réxime*, a través dunha familia privilexiada, no súa vinculación histórica coas institucións políticas e relixiosas dunha Galicia que mesmo chega ós nosos días.

Encántanos aínda máis, quizais, a fondura psicolóxica dos personaxes. A interpretación e comentarios, tan sutís, da súa disposición humana: acertos ou desatinos, anceios e teimas. Todo relatado con límpida sinxeleza e finísimo humor no perfecto deseño dunha liña parabólica na que cada punto dista por igual do foco de interese e da intelixente directriz, eixe deste brillante ensaios.

E para rematar, *que vai sendo hora*, unha anécdota persoal: esta noite soñei con Apolonia e Pascua, as sobriñas de don Miguel Blanco de Sea. Penso que para compracer a señor tan requintado e metódico, terían que ser as amas perfectas do fogar.

¡Que roscóns de améndoas non farían! ¡Que filloas rechegas de crema con esencia de limón! ¡Que empanadas de finísimo amasado e delicados contidos!

Soñei tamén cos seus traxes de voda, de ouro e acibeche con filigranas de prata e encaixes de Camariñas. O vestido de Apolonia era de veludo violeta e seda negra. O de Pascua era verde esmeralda tecido de fíos de ouro todo o corpiño e, deseñado pola man delicada de don Miguel Franco Granja, un bordado en espiral sobre cada seo.

(Nota: hai quen di que o deseño da espiral era do propio señor Blanco de Sea).

Graciñas.

ÍNDICE

DISCURSO DO ILUSTRÍSIMO SEÑOR DON XOSÉ LUÍS FRANCO GRANDE.....	9
RESPOSTA DA EXCELENTÍSIMA SEÑORA DONA LUZ POZO GARZA.....	29

